

Xoves, 8 de xuño de 2023

Núm. 110

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Recadación

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI.
CONCELLO DE PONTEAREAS*

ANUNCIO

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO
DE PONTEAREAS*

O Pleno da Corporación Municipal, na sesión levada a cabo o día 31 de xaneiro de 2023, acordou aprobar inicialmente a modificación do Anexo II de tarifas da Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxi no Concello de Ponteareas.

O 8 de febreiro de 2023 publicouse anuncio de información pública no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra. Durante o prazo de información pública entre o día 8 de febreiro de 2023 ao 22 de marzo de 2023, ámbolos dous incluídos, da publicación no BOPPO nº 27 de data 08/02/2023 da "APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ANEXO II DE TARIFAS DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI", non se presentou alegación algunha.

O 2 de febreiro de 2023 remitiuse notificación ás seguintes asociacións/federacións, dándolle trámite de audiencia por un prazo de 15 días hábiles, sen que durante dito prazo fixesen alegación algunha: ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES TEA, ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E COMERCIANTES DE GALICIA, FEDERACION BANASTRA DE PONTEAREAS e ASOCIACION PROFESIONAL DE AUTOTURISMO DE PONTEAREAS.

O 24 de maio de 2023 emitíuse informe favorable polo Director Xeral de Comercio e Consumo polo que autoriza a aplicación das tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en auto-taxi para Ponteareas, solicitadas polo Concello.

O Pleno da Corporación Municipal, na sesión levada a cabo o día 30 de maio de 2023, aprobou definitivamente a modificación do Anexo II de tarifas da Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxi no Concello de Ponteareas, quedando do seguinte xeito:



Xoves, 8 de xuño de 2023

Núm. 110

IMPORTE DA TARIFA			
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA DIÚRNA (TARIFA 1)	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Percepción Mínima <i>(Inclúe recorrido de 1.400 metros ou tempo equivalente)</i>	3,50	0,35	3,85
Km. Recorrido	1,00	0,10	1,10
Hora De Espera	16,22	1,62	17,84
SUPLEMENTOS TARIFA DIÚRNA (TARIFA 1)	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Vultos ou Maletas <i>(Excepto cadeiras de discapacitados e cadeiras de nenos)</i>	0,60	0,06	0,66
Traslado de mascotas <i>(Excepto cans lazarilo)</i>	1,00	0,10	1,10
Corpus Christie (Sábado e Domingo de celebracións Corpus Christie, as 24 horas)	2,00	0,20	2,20
25 Decembro e 1 de Xaneiro, <i>(dende as 00:00 h ata as 10:00)</i>	2,00	0,20	2,20

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA NOCTURNA / FESTIVOS (TARIFA 2)	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Percepción Mínima <i>(Inclúe recorrido de 1.400 metros ou tempo equivalente)</i>	4,16	0,42	4,58
Km. Recorrido	1,20	0,12	1,32
Hora De Espera	19,45	1,95	21,40

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: FDH8WSEISEHHJQE4D



Xoves, 8 de xuño de 2023

Núm. 110

SUPLEMENTOS TARIFA NOCTURNA (TARIFA 2)	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Vultos ou Maletas <i>(Excepto cadeiras de discapacitados e cadeiras de nenos)</i>	0,60	0,06	0,66
Traslado de mascotas <i>(Excepto cans lazarilo)</i>	0,91	0,09	1,00
Corpus Christie (Sábado e Domingo de celebracións Corpus Christie, as 24 horas)	1,82	0,18	2,00
25 Decembro e 1 de Xaneiro, <i>(dende as 00:00 h ata as 10:00)</i>	1,82	0,18	2,00

O suplemento por vulto ou maleta refírese á 2ª unidade, pois de acordo co disposto no artigo 24.1 do decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, os usuarios terán dereito a portar gratuitamente no maleteiro do vehículo un vulto de equipaxe ou pertencencia por persoa usuaria.

A entrada en vigor da modificación producirase no prazo de 15 días hábiles, contados dende a publicación do texto íntegro do acordo no BOP.

Contra o acordo de aprobación definitiva, as persoas interesadas poderán interpor, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

(Documento asinado electronicamente)

